

## BASES DO CONCURSO DE DISFRACES INFANTIL ENTROIDO 2018

O Excmo. Concello de Cambados, a través da Concellaría de Cultura en colaboración coa Confraría de Pescadores e a Asociación de Comerciantes Zona Centro convoca o CONCURSO DE DISFRACES INFANTÍS O LUNS DE ENTROIDO 12 DE FEBREIRO ÁS 17.00h no Salón de Congresos e Exposicións de Peña.

O concurso obxecto desta convocatoria rexerese polas seguintes Bases:

**PRIMEIRA.-** Poderán participar todos os nenos e nenas que o desexen.

**SEGUNDA.-** Os participantes deben inscribirse o mesmo día, 30 minutos antes do comezo do concurso, seguindo as indicacións da organización.

Os menores de idade que participen no desfile deberán ser inscritos por un adulto; dita inscrición levará implícita a autorización por parte dos responsables dos menores.

**TERCEIRA.-** O xurado estará composto por persoal técnico da Concellaría de Cultura así como por membros de asociacións e/ou de Zona Centro.

**CUARTA.-** O xurado tomará a decisión ao remate do concurso e valorarase a orixinalidade do deseño, laboriosidade, creatividade, así como que toda a indumentaria e complementos garden relación co disfraz elixido e calquera outro motivo que poida considerar o xurado, coma a interpretación dos personaxes representados. Na modalidade de grupos, ademais, terase en conta a unidade no disfraz do grupo e o grao de coordinación coa súa significación e composición.

**QUINTA.-** A contía dos premios farase en vales de compra para cambiar nos establecementos asociados a Asociación Cambados Zona Centro.

-Dous premios ao mellor Disfrace Individual:

- Masculino: un premio de 50€

- Feminino: un premio de 50€

-Un premio ao mellor Disfrace en Parella de 100 €

-Un premio ao mellor Disfrace de Grupo de 150 €

*\*Terán consideración de Grupo todos aqueles que contén cun mínimo 3 persoas.*

**SEXTA.-** Presentarse ao mellor disfrace en modalidade Individual, Parella ou Grupo excluírá de poder presentarse en calquera das outras dúas modalidades.

**SÉTIMA.-** A entrega dos diplomas acreditativos dos premios realizarase o mesmo día tras coñecerse a decisión do xurado. Ao remate do concurso, e para poder trocar posteriormente os vales, será preciso que os representantes legais dos gañadores cubran os documentos xustificativos pertinentes, presentando o seu DNI.

Para o cobro dos premios na categoría infantil, terá que aportar os datos un adulto como representante.

**OITAVA.-** Calquera dúbida ou baleiro que puidese xurdir da interpretación e aplicación das presentes bases, será resolto no seu momento polo xurado e a decisión do mesmo será inapelable. Así, no caso de quedar deserta algunha das categorías ou, de haber participantes, non ser merecedores de premio segundo o xurado, este poderá redistribuír as cantidades como desexe.

**NOVENA.-** A presentación a este Concurso implica necesariamente a aceptación de todos e cada un dos puntos das Bases.